




Meira V Moner

Terceiro e Cuarto Primaria
Día das letras galegas 2018



TEXTOS 3º E 4º DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA E TEXTOS

A profesora e escritora M^a Victoria Moreno Márquez naceu en Valencia de Alcántara na provincia de Cáceres o 1 de maio de 1939. Era filla de Vicente, militar, e Sara, mestra.

Estudou o bacharelato en Barcelona e Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid.

Con 22 anos trasladouse a Galicia para dar clases de Lingua Española en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. Nesta cidade traballou nos IES «Valle Inclán» e «G. Torrente Ballester».

Escribiu moitos libros en galego para adolescentes e nenos. A súa traxectoria literaria comezou coa edición, en 1973, de «Mar Adiante», o seu primeiro libro en galego. A este seguirían outros moitos; «Leonardo e os fontaneiros», «Anagnórise», «Eu conto, ti cantas», «A brétema», «A festa no faiado»...


Tamén foi codirectora da Colección Infantil Árbore, da editorial Galaxia.

Finou na cidade de Pontevedra en novembro de 2005.

Este ano a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras polos libros que escribiu e pola defensa do noso idioma.



María V. Moreno



1.- Cando naceu M^a Victoria?

2.- Que traballo desempeñou en Lugo, Sanxenxo e Pontevedra?

3.- Como comezou a súa traxectoria literaria?

4.- De que colección literaria foi codirectora?

5.- En que provincia naceu M^a Victoria?

6.- Cal foi o motivo do seu traslado a Galicia?

7.- Cal foi o primeiro libro que escribiu en galego?

8.- Que profesión tiña M^a Victoria?

9.- Que tipo de libro é «Eu conto, ti cantas...»? Arrodeia.

Conto**Biografía****Poesía**

10.- Ordena os seguintes acontecementos da vida de M^a Victoria. Ponlles o ordinal e despois cópialos en orde.

En 2018 adícaselle o Día das Letras.

Foi codirectora da Colección Infantil Árbore.

Naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres).

Estudou o bacharelato en Barcelona.

Con vinte e dous anos trasladouse a Galicia.

Faleceu en Pontevedra en 2005.

1

2

3

4

5

6

11.- Se M^a Victoria naceu no ano 1939 e morreu no ano 2005, cantos anos tiña cando faleceu? E que idade tería neste ano 2018?

12- Arrodea a resposta correcta e completa as oracións.

catalán

galego

inglés

castelán

M^a Victoria foi unha gran defensora do idioma .

decembro

xaneiro

novembro

maio

A escritora naceu o 22 de de 1939.

Xente

Mar

Río

Idioma

A súa primeira publicación foi « adiante».

Luísa

Antonia

Victoria

Carme

María Moreno estudou Filoloxía Románica.

vinte e dous

corenta e un

vinte e nove

dezaioito

Con trasladouse a Galicia.

mestra

filósofa

labrega

médica

María Victoria era filla dun militar e dunha .

13- Localiza neste rebumbio catro libros de María Victoria. Arrodeaos.

Benvido a Monelos

Mar adiante

A brétema

Anagnórise


Quen canta na casa?

Eu conto, ti cantas...

Contos de lobos

Terra brava

14.- Localiza nesta sopa de letras oito nomes propios relacionados coa biografía de M^a Victoria Moreno.




CÁCERES
MORENO
MADRID
BARCELONA
LUGO
PONTEVEDRA
GALAXIA
LEONARDO

15.- Sinala os acontecementos salientables na biografía de M^a Victoria que ocorreron estes anos.

1939	<input type="text"/>
1961	<input type="text"/>
1973	<input type="text"/>
2005	<input type="text"/>
2018	<input type="text"/>

16.- Resolve este encrucillado.




1.- VALENCIA 2.- FAIADO 3.- CANTAS 4.- MESTRA
5.- PONTEVEDRA 6.- LEONARDO 7.- INCLÁN 8.- MADRID

HORIZONTALAIS

- 1.- Naceu en ... de Alcántara.
- 2.- Fixo unha festa no ...
- 3.- «Eu canto, ti ...»
- 4.- Sara, a súa nai foi ...
- 5.- Viviu na cidade galega de ...
- 6.- «... e os fontaneiros»
- 7.- Traballou no instituto «Valle ...»
- 8.- Estudou na Universidade Complutense de ...



17.- Completa os títulos de tres obras de María Victoria Moreno.



TEXTOS 3º E 4º DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES TEXTOS

Demorouse caseiramente un ano en rematar o barco.

Os raparigos ían todos os días á beiriña de Miguel -o de Portosouril- e preguntábanlle:

-É un pesqueiro?

-Non. Non é un pesqueiro.

-É un barco de guerra?

-Non. Eu non sei facer barcos de guerra.

-É unha casa para ti?


-É para durmiren as gaivotas?

-É unha mexilloeira?

Non. Non é nada disto. Xa veredes...

Cómpre ter un anaquiño de paciencia.

Na derradeira bocanoite do mes dos Santos, Miguel -o de Portosouril- empuxou o barco cara ao mar. Alborexando o primeiro día do mes de Nadal, os rapaces viron amarrado no peirao un barquiño pequerrecho e branco. Nas costas, con letriñas vermellas dicía *Arroás*. Na branceira, con letriñas azuis, dicía *Escola*.



Maria V Moreno

1.- De onde era Miguel?

2.- En que estación do ano fixo o barquiño?

3.- A xunto de quen ían todos os días os rapaces?

4.- Cantas preguntas lle fixeron en total a Miguel?

5.- Que mes é o dos Santos?

6.- E o mes de Nadal?

7.- A que ía adicar o barco?

8.- Debuxa como cres que é O Arroás.



9.- Atopa os cinco diminutivos que hai no texto engadindo a palabra da que se derivan.

-
-
-
-
-

BEIRA - BEIRIÑA
 CASAÑA - CASA
 BARQUINO - BARCO
 LETRINAS - LETRAS
 ANAQUINO - ANACO


10.- **UN PROBLEMA DE AMARRES.** A Miguel rompéuselle a corda de amarrar, o cabo, e ten que mercar 8 metros. Cada metro cústalle 9 euros. Cantos euros gastará? Fai a operación de dúas maneiras diferentes. Que propiedade aritmética aplicaches?



Apliquei a propiedade


11.- Escribe o nome destas aves mariñas.

GAIVOTA PELÍCANO CORMORÁN ALCATRAZ




N

T




O

R



12.- Resolve o encrucillado



HORIZONTAIS

- 1.- Onde estaba amarrado o barco?
- 2.- Que estaba a construír o protagonista?
- 3.- Lugar cara onde empuxou o barco o protagonista.
- 4.- Aves que poderían durmir no barco.
- 5.- Número de preguntas que hai no texto.
- 6.- Texto no barco escrito con letriñas azuis.
- 7.- Nome da embarcación.
- 8.- Nome do protagonista do relato.
- 9.- Cor do barco de Miguel.
- 10.- Lugar onde tiña o barco a palabra *Escola*.
- 11.- Cor da palabra *Arroás*.

1.- PEIRAO 2.- BARCO 3.- MAR 4.- GAIVOTAS 5.- CINCO
 6.- ESCOLA 7.- ARROÁS 8.- MIGUEL 9.- BRANCO
 10.- BRANCEIRA 11.- VERMELLO

13.- Completa cada refrán co seu mes.

XANEIRO MARZO ABRIL MAIO AGOSTO SETEMBRO NOVEMBRO

- O sol de non ten compañeiro.
- Entre e sae o cuco do cubil.
- pasa como un raio.
- En secan os montes e en as fontes.
- ditoso mes, comeza con todos os Santos e remata con San Andrés.

14.- Miguel pedíalle aos raparigos ter un anaquiño de paciencia. A paciencia é unha boa cualidade. Pensa e escribe tres cualidades que tes ti e tres defectos.

AS 3 CUALIDADES
<input type="text"/>
<input type="text"/>
<input type="text"/>

OS 3 DEFECTOS
<input type="text"/>
<input type="text"/>
<input type="text"/>

LEONARDO E OS FONTANEIROS


M^a VICTORIA MORENO

Leonardo, que che fixeron? Quen foi? Que fixeches para que mallasen en ti desta maneira?

Deixeite onte precioso e ledo, coa pel brillante e os ollos guímaros, e véxote agora ferido e murcho. Fixéronte vello da noite á mañá, a paos, e eu non estiven para socorrerte. Antes quería eu verme así, e non verte a ti, que nunca soubeches defenderte, que non tes quen mire por ti, meu canciño.

Dóече moito?

Tamén cómpre ter mal corazón para racharlle así a pel a un animal inocente, que non ten outro vestido para toda a súa vida. Hai que ter moita crueldade para asañarse así cun pobre can que vive ao raso e come de esmola. Tíñanse que ver eles coxos e feridos nestes días invernízos en que o corpo doe só coa friaxe.



Maria V Moreno

LEONARDO E OS FONTANEIROS

ACTIVIDADES

3º e 4º

1.- Que animal era Leonardo?

2.- Como estaba onte Leonardo?

3.- Como tiña a súa pel?

4.- Que parte lle racharon?

5.- Explica coas túas palabras o significado de «*mallar*».

6.- Que significa a expresión «*comer de esmola*»?

7.- Que animal é Leonardo?

8.- Onde vive ?

9.- Como se tiñan que sentir os que trataron mal a Leonardo?

10.- Investiga no texto.

■ Cal é a segunda oración interrogativa?

▶

■ Saberías atopar o primeiro adxectivo que aparece?

▶


■ Cal é o vestido do can?

▶

■ Atopa o primeiro nome común e o primeiro nome propio que aparecen no texto.

▶


11.- Na consulta do veterinario había moitos animais agardando: 3 coellos, 4 galiñas e 5 porcos. Saberías calcular o número de patas de animais que había en total na consulta?



12.- A Leonardo levárono ao veterinario. Este cobroulle 35 euros e ten que mercar na farmacia dous tubos de pomada. Cada tubo custa 7 euros. Canto vai custar en total a cura de Leonardo?



13.- Resolve o encrucillado.



1.- CRUELDADE 2.- FRIAXE 3.- INOCENTE 4.- FONTANEIRO
5.- GUÍMAROS 6.- ASAÑAR 7.- LEONARDO 8.- ESMOLA

HORIZONTAIS


- 1.- Calidade de cruel. Atrocidade.
- 2.- Frío do ambiente. Sensación que produce un frío intenso.
- 3.- Que non provoca dano.
- 4.- Persoa que se adica á fontanería.
- 5.- Ollos vivos.
- 6.- Acentuar a crueldade.
- 7.- Nome do protagonista do relato.
- 8.- Doazón caritativa que se lle fai aos pobres.

14.- Como imaxinas que é o can Leonardo? Debúxao.

15.- Colorea os debuxos nos que o animal está ben tratado.



16.- As mascotas son animais que temos na casa e conviven con nós. Clasifica estes animais segundo sexan salvaxes ou domésticos..



Correcamiños naceu
na beiravía da estrada
onde un home malo e feo
botara a cadela branca,
que levaba na barriga
seis cadeliños de nata.

Eran todos seis moi brancos,
moi bonitiños, e foi mágoa
que ninguén os recibise
e ninguén lles dese casa.

Cousas tristes desta vida
que apesaran cando pasan...

Mais tanto a nai coma os fillos
eran felices, xogaban
e, dentro do que é ser pobres,
non lles faltaba de nada.
A nai buscaba a comida
e dábase moita maña
para aquelar os cativos
ao tempo que os aleitaba.



María V. Moreno

1.- Quen naceu na beiravía da estrada?


2.- Cantos cadeliños naceron?

3.- Quen botara a cadela branca na beiravía?

4.- Como eran os cadeliños?

5.- De que palabra vén «aleitaba»?

6.- PROBLEMA. Teño que mercar 7 litros de leite para levarlles aos canciños. Cada litro custa 2 euros. Cantos euros preciso?
Se levo un billete de 10 euros e outro de 5, canto me devolven?



7.- Ordena as sílabas para formar palabras e escríbeas correctamente.


ceu	na	▶	ví	a	bei	ra	▶	da	es	tra	
											me
			ca	bus	ba	◀	da				ho
								co			
ces	▶	ran	pe	a	sa	▶	mi				de
li											ca
fe											la
na	ta	◀	li	de	ca	ños	◀	ga	ba	rri	
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____

8.- Ordena, por orde alfabética, estas palabras que aparecen no texto.



NATA	ALEITAR
MÁGOA	CATIVOS
MAÑA	BEIRAVÍA
APESARAR	
CADELA	ESTRADA
BARRIGA	

9.- IMOS DE EXCURSIÓN. Imos facer unha excursión en bici o vindeiro sábado. Iremos pola beiravía da estrada con moito coidado.



Bota un ollo ao plano e contesta:

Se saio da praza e vou ata o muíño, cantos metros recorrerei?

Cantos quilómetros son eses metros?

Cantos metros percorro se vou da praza ao mercado?

Cantos metros fago se vou da praza ao muíño e volvo?

Se somos catro amigos e imos dende o colexio ata o mercado, cantos metros percorremos entre os catro?

Ao chegar ao mercado paramos para mercar a merenda. Mercamos 4 botellas de auga e catro bocadillos. Cada botella de auga custa 0,35 euros e cada bocadillo custa 1,25 euros.

Canto pagamos cada un?

Canto pagamos en total?

10.- Que cuidados precisa un can? Completa as oracións.

ALIMENTACIÓN	VACINAR	BAÑALO	CARTILLA SANITARIA
DIETA	MICROCHIP	EXERCICIO	CEPILLALO

● Os cans débense para evitar enfermidades e que teñan pulgas ou outros parásitos.

● Cada can ten que ter a súa e un que os identifique.

● Ten que facer todos os días.

● Hai que e o seu pelo a miúdo.

● A súa debe ser axeitada, cunha correcta.

11.- Clasifica estes animais en salvaxes ou domésticos. Arrodea de azul os domésticos e de vermello os salvaxes.

LEÓN	CAN	MONO	PANDA	MOSCA	ABELLA	PAVO
TIGRE	PAXARO	CAMELLO	BOLBORETA	PORCO	RATO	
GALIÑA	RA	SERPE	RENO	OSO	LOBO	AGUIA
ELEFANTE	VACA	COELLO	CROCODILO	PATO	CABALO	
TOURO	XIRAFÁ	ARROÁS	CEGOÑA	FOCA		